

# COÑECEMENTO DO CONTORNO

COÑECEMENTO DO CONTORNO

## “COÑECE O TEU CONCELLO”

„COÑECE O TEU CONCELLO“

VISITA AO EDIFICIO DO CONCELLO

### CONTIDOS

A actividade consistirá nun itinerario didáctico que tratará de acercar o Concello aos centros educativos. Percorreranse distintas oficinas e salas da Casa Consistorial rematando a visita no salón de plenos onde o alumnado será recepcionado por unha representante do goberno municipal á cal lle poderán facer todas as preguntas e propostas que consideren oportunas. Proxectarase un vídeo didáctico adaptado a cada nivel educativo: “A abella Nara, un conto para coñecer o Concello” (EI) e “Coñecer Narón” (EP).

### OBXECTIVOS

- ✦ Dar a coñecer a Casa Consistorial e os diferentes servizos que ofrece á cidadanía.
- ✦ Comprender como funciona o Concello e por quen está composto o Goberno municipal.
- ✦ Achegar ao alumnado información dos trámites e xestións que poden realizar, quen traballa nos diferentes servizos, e cal é a historia do noso concello.

PERSOAS DESTINATARIAS : educación infantil (5 anos) e 6º EP.

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: de xaneiro a xuño

DURACIÓN: 1h e 30 minutos aproximadamente.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Casa Consistorial de Narón

VISITA AO EDIFICIO VISITA Á BI-  
BLIOTECA MUNICIPAL + AXENCIA  
DE LECTURA DA GÁNDARA  
CONCELLO

## CONTIDOS

Visita combinada aos dous locais onde se lle amosará ao alumnado as instalacións e se lle explicará todos os servizos que se prestan.

### **Desenvolvemento:**

09:15 Recollida do autobús no centro escolar.

09:30 Chegada á Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

09:30-10:00 Visita guiada á Axencia de Lectura Municipal da Gándara para que os nenos/as coñezan e utilicen este recurso.

10:00-10:15 Traslado da Axencia de Lectura á Biblioteca central.

10:15-11:15 Visita guiada pola sección infantil e bebeteca da biblioteca (planta soto).

- ✦ Explicaráselle aos nenos e nenas como está organizada a sección, como poden facer o carné da biblioteca e cales son os recursos que poden atopar.
- ✦ Daráselles información sobre as actividades infantís que estean programadas para o seguinte mes.
- ✦ Entregaráselles un díptico coa información básica para que a coñezan as familias.
- ✦ Participarán nunha actividade de dinamización que este ano terá como protagonista o medio ambiente.

11:30 Recollida do alumnado na biblioteca.

11: 45 Chegada de volta ao centro escolar.

## OBXECTIVOS

- \* Achegar aos centros educativos o coñecemento da biblioteca, os seus recursos, servizos e instalacións.
- \* Fomentar no alumnado a curiosidade polo mundo dos libros e a lectura.

PERSOAS DESTINATARIAS : educación primaria

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: de novembro a maio

DURACIÓN: dúas horas e media aproximadamente dende a recollida no centro ata a chegada de volta.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Biblioteca Pública Municipal de Narón e Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

## NECESIDADES DE ORGANIZACIÓN:

Estas visitas programaranse preferiblemente en luns.

Dentro do posible non se programarán máis de dúas visitas escolares na mesma semana.



VISITA Á BIBLIOTECA MUNICIPAL +  
AXENCIA DE LECTURA DA GÁN-  
DARA

## CONTIDOS

Visita combinada aos dous locais onde se lle amosará ao alumnado as instalacións e se lle explicará todos os servizos que se prestan.

### **Desenvolvemento:**

08:45 Recollida do autobús no centro escolar.

09:00 Chegada á Biblioteca Pública Municipal.

09:00-10:00 Visita guiada á biblioteca. Unha traballadora da biblioteca recibirá o grupo visitante e encargarse de acompañalo polas catro plantas da biblioteca explicándolles en cada sección as tarefas que se realizan e os servizos dos que poden facer uso.

- ✦ Planta soto: sección infantil e bebeteca. Sala de exposicións e actividades.
- ✦ Planta baixa: hemeroteca (prensa e revistas), sección de información e referencia, sección de audiovisuais.
- ✦ Primeira planta: sección de adultos (narrativa, poesía, teatro, biografía, cómic), arquivo de depósito de libros.
- ✦ Segunda planta: sección de adultos (materias), seminarios, sala de usos múltiples, sala de informática.

10:15 Traslado do grupo da Biblioteca central á Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

10:30 Chegada á Axencia de Lectura Municipal da Gándara

10:30-11:00 Visita guiada pola Axencia de Lectura Municipal da Gándara para que os mozos e mozas coñezan en empreguen este dispositivo.

11:15 Recollida do grupo na Axencia de Lectura da Gándara

11:30 Chegada de volta aos centros.

## OBXECTIVOS

- \* Achegar aos centros educativos o coñecemento da biblioteca, os seus recursos, servizos e instalacións.
- \* Fomentar no alumnado a curiosidade polo mundo dos libros e a lectura.

PERSOAS DESTINATARIAS : 1º da ESO

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por visita

DATAS DE EXECUCIÓN: de novembro a maio

DURACIÓN: Dúas horas e 45 minutos aproximadamente dende a recollida no centro ata a chegada de volta.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Biblioteca Pública Municipal de Narón e Axencia de Lectura Municipal da Gándara.

## NECESIDADES DE ORGANIZACIÓN:

Dentro do posible non se programarán máis de dúas visitas escolares na mesma semana.

Coa finalidade de interferir o menos posible no normal desenvolvemento do traballo e da rutina habitual da biblioteca, a hora de visita será preferentemente a primeira hora da mañá. O horario do cronograma é orientativo, sempre adaptable aos horarios de entrada de cada centro en concreto.



## VISITA AO PAZO DA CULTURA

### CONTIDOS

Itinerario didáctico polas instalacións do Pazo da Cultura onde de xeito activo o alumnado poderá coñecer estas dependencias e algunhas das súas actividades: visita ao obradoiro de instrumentos musicais, aula de danza con demostración, aula de música con actuación musical en directo, etc.

### OBXECTIVOS

- ✦ Darlle a coñecer ao alumnado as dependencias do Padroado da Cultura e os servizos que ofrece á cidadanía.
- ✦ Achegar aos centros educativos o coñecemento do Concello e as súas instalacións

**PERSOAS DESTINATARIAS :** educación primaria e educación secundaria

**Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES:** un grupo/aula por visita

**DATAS DE EXECUCIÓN:** de novembro a xuño

**DURACIÓN:** 2 horas aproximadamente.

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** dependencias do Pazo da Cultura



## CONTIDOS

“Plenos escolares” é unha actividade da Escola de Participación Cidadá de Narón, dirixida preferentemente ao alumnado de 3º e 4º da ESO do concello.

Con esta actividade, o alumnado vai ser parte dunha experiencia real de participación cidadá. Coñecerá de primeira man o seu municipio e a institución que o rexe, así como as vías para participar das súas decisións. Mellorará a súa capacidade de escoita activa, diálogo, creatividade e liderado, aptitudes ben necesarias nun contexto coma o actual.

De maneira transversal, traballaremos ademais valores como a igualdade de xénero, a xustiza social e a democracia.

A materia traballada está directamente conectada co temario de materias como Educación para a Cidadanía, Valores, Oratoria, Filosofía ou Xeografía e Historia, achegando unha experiencia significativa dos contidos curriculares.

## OBXECTIVOS

Os seus obxectivos son:

- ✦ Promover entre a mocidade participante a reflexión colectiva e a análise da realidade local, facendo fincapé nas vías para a participación cidadá.
- ✦ Favorecer o traslado de ideas e opinións significativas para a realidade dos mozos e mozas ás persoas responsables políticas.

**PERSOAS DESTINATARIAS:** preferentemente 3º e 4º da ESO (en todo caso, os seus contidos e a súa metodoloxía permiten adaptala para o desenvolvemento con alumnado de 2º da ESO ou mesmo de 1º de bacharelato)

**Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES:** un grupo/aula por visita. (Un número ideal está arredor de 15-20 alumnas e alumnos)

**DATAS DE EXECUCIÓN:** de outubro a xuño

**DURACIÓN:**

1º sesión en aula (50' aproximadamente). A proposta sería desenvolver as primeiras sesións entre outubro-novembro de 2021.

2º sesión en aula (100' aproximadamente). A proposta sería desenvolver esta segunda sesión arredor do Nadal, entre decembro e xaneiro de 2022.

3º sesión (50' aproximadamente). Previamente á celebración do Pleno escolar, desenvolveremos unha sesión de preparación co alumnado representante de cada grupo, ensaiando a preparación da proposta e os argumentos para defendela ante a Corporación municipal. Faremos unha por centro participante.

Pleno escolar (100'). Celebraremos o Pleno escolar no salón de plenos do Concello, onde alumnas e alumnos de cada un dos grupos participantes presentarán as súas propostas, debaterán e chegarán a acordos, coa presenza da Corporación municipal.

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** Centros educativos + Casa consistorial de Narón

